Como xa dicíamos noutra ocasión, aludindo ao “espazo persoa” e á “territorialidade” (Caride, 2000), son conceptos que inclúen intrinsecamente as necesidades socioambientais de cada persoa, ao tempo que definen as súas relacións espaciais con outros individuos nun contorno físico dado, inmediato ou lonxano. Un territorio, non obstante, que acabará tendo sentido tanto en canto poida ser apreciado como “o espazo próximo onde se poden concertar e coordinar intervencións globais e onde os recursos, as institucións, os equipamentos e os equipos profesionais poden realizar un labor conxunto” (Carol, 2005: 77). Xustamente é esta concepción do territorio a que favorece procesos de comunicación, socialización, inserción, transformación, participación, etc. que concreta en accións específicas os dereitos da cidadanía (Caride, 2003):

Para Jesús Vilar (2008: 275), o territorio é unha desas “*unidades de acción onde se debe conxugar con sabedoría o coñecemento, a técnica e a sensibilidade... [nas que] as posibilidades de traballo son enormes pero os riscos tamén*”. Sen dúbida, entende o autor, que “*é un contorno ideal polas proximidades que facilita para construír unha sociedade próxima, acollidora, solidaria*”, que na súa escala humana ten un grande interese para a promoción de accións socioeducativas que poñan en valor a cidadanía, a participación, o sentimento de colectividade e o exercicio dos dereitos. É neste sentido no que o concepto de territorialidade e, no seu conxunto, as diferentes estruturas e axentes que conforman o territorio, adquiren un especial significado para a educación. Tanto é así que, na opinión de Subirats (2002: 43), un dos “*un dos trazos distintivos do que se denominan proxectos educativos de cidade reside na redefinición das relacións entre educación e territorio, entre escola e contorno, partindo do que hoxe é esa relación, e incorporando o conxunto de prácticas que teñan ou poidan ter incidencia no proceso de desenvolvemento e socialización*”

Xa no seu Informe final, o *I Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, celebrado en Barcelona en 1990, poñía de manifesto a relevancia do territorio na conformación da Cidade Educadora como unha cidade con personalidade propia, integrada no país no que se sitúa. Unha identidade interdependente, que non está pechada sobre si mesma senón relacionada con outros contornos: outros núcleos urbanos e cidades semellantes doutros países, que comparten o obxectivo de aprender, intercambiar e, polo tanto, enriquecer a vida dos seus cidadáns. As accións educativas “*que teñen lugar no marco dunha Cidade Educadora teñen que integrar o coñecemento e a vivencia do territorio*” (Ajuntament de Barcelona, 1991: 111), os seus procesos económicos, políticos e culturais, como un escenario que non só acolle as prácticas educativas senón que tamén –en si mesmo e por si mesmo– educa.

Nesta perspectiva, cómpre salientar que Jaume Trilla (1999) ten insistido na importancia de analizar as relacións entre as cidades e a educación nunha tripla dimensión: a que observa o medio urbano como un contexto no que se desenvolven eventos educativos (*aprender na cidade*); a que valora a cidade como unha realidade que aglutina procesos formativos e socializadores (*aprender da cidade*); e, por último, a que pon en valor a cidade como un ámbito que propicia o coñecemento sobre o propio medio (*aprender a cidade*).

Nunha lectura complementaria sobre as posibilidades das relacións entre as cidades e as aprendizaxes, o profesor Colom (2001: 47) considera que hai dúas cuestións ás que debe darse resposta cando se pretenden interpretar as complexas relacións entre a educación e a cidade como espazo urbano. En primeiro termo: Que pode aportar a educación á problemática urbana (ou aspecto pedagóxico da cuestión)? En segundo lugar: Que aporta a cidade á educación (ou aspecto urbano)?

Dando resposta á primeira perspectiva, Colom refire que *"a educación entende a cidade desde dous puntos de vista: o didáctico e o formativo; a didáctica daría lugar aos programas de aprender da cidade (é dicir a cidade como medio de aprendizaxe) e de aprender a cidade (a cidade como contido de aprendizaxe)"*. Na segunda perspectiva, na urbana, o autor considera que xorden *"todas as posibilidades de que a cidade, o municipio, posúe para axudar á mellora da educación, tanto formal como no terreo da non formalidade educativa, é dicir, desenvolvendo outras accións educativas"*; entre estas considera que deben ser tidas en conta aquelas accións que se fan en pro da planificación educativa, de apoio e refendo da actividade escolar, de orientación, prevención, difusión, etc., xunto co aporte de medios materiais e didácticos, profesores especializados ou de apoio, etc.

1.4. As comunidades e o comunitario como actores cívico-pedagóxicos

No xogo de percepcións e representacións sociais ás que da lugar calquera aproximación á vida das persoas, as comunidades e o comunitario son actores colectivos aos que se lles ten consignado un contradictorio papel respecto de quen somos e que facemos en sociedade. Mesmo ás veces chegando a ser valoradas ambas palabras como a fonte dun gran obstáculo terminolóxico e conceptual *"para a construción do coñecemento arredor de situacións sociais concretas que nos ocupan e para o exercicio da intervención"* (Barbero e Cortés, 2005: 39).

Aínda así, e a pesar das limitacións inherentes ao seu campo semántico, as comunidades sempre teñen gozado dun amplo recoñecemento dos autores que se teñen interesado pola análise do vínculo social, fundamentalmente a partir do discurso científico-social que se fragua nos anos centrais do século XIX. Desde entón, o seu concepto –por moito que se debata na controversia– ocupa un lugar moi relevante en calquera achegamento ás realidades sociais vivas nas que, cando menos, se trata de identificar unha xeografía comparada, unhas relacións e uns lazos afectivos comúns e unhas pautas específicas de interacción social.

De aí que sexa factible, e mesmo fundamental, poñer énfase na redescuberta da comunidade e do comunitario como unha construción social (Caride, 1997: 237-238) *"na que adquieren significado procesos que concirnen tanto ás formas espontáneas da vida cotiá como ao pensamento reflexivo que alenta cambios de alcance sectorial ou global... como un escenario privilegiado para a representación da acción social; isto é, como un espazo no que dialogan e median persoas que interpretan –con sentido antropolóxico– que dispoñen dunha identidade colectiva desde a que se recoñecen e son coñecidas. Ou o que é o mesmo, que se consideran posuidoras dun xeito peculiar de situarse diante da realidade... deducindo unha visión do mundo e un modo de vivir que resulta distintivo"*.

Máis que unha suma de individuos, a comunidade é un conxunto de persoas que comparten un espazo e unha parte do seu tempo para relacionarse e xestionar os seus intereses comúns (Hamman, 2001). Para Longás, Civi e Riera (2008: 307) é preciso ter unha visión activa e dinámica da mesma, *"dado que o seu desenvolvemento depende da responsabilidade e do protagonismo que se asuma na súa propia construción e cambio. É neste proceso de definición e control do destino colectivo onde, ineludiblemente, se vai xerar a identidade como comunidade de persoas"*.

A comunidade é, en síntese, un espazo para a vida social, no que se configuran de forma constante múltiples e complexas relacións e interaccións sociais entre individuos e colectivos que viven e conviven con lazos de solidariedade e intercambio de significados específicos do seu territorio, da súa lingua e cultura, das súas vivencias individuais e comúns (Caride, Freitas e Vargas, 2007). As cidades son comunidades e o comunitario ten nas cidades unha das súas mais peculiares maneiras de proxectarse, recoñecéndose a si mesmas como tales comunidades e sendo recoñecidas por outras comunidades.

Na perspectiva comunitaria, segundo interpreta Cabral Pinto (2004: 152), a Cidade Educadora é o lugar onde se exerce singularmente a cidadanía, *"onde se aprende a cidadanía, exercéndoa... formase a si mesma, formando*

aos cidadáns, dentro e fora dos espazos e tempos escolares, ao longo de toda a vida". Alúdese, inevitablemente, a unha cidade na que a participación das persoas nos asuntos de interese xeral é un factor máis da súa identidade, que se sobrepón –aínda que sen ser indiferente a el– ao espazo físico, ecosistémico, demográfico, institucional... Unha cidade, coincidindo con Gómez de la Iglesia (2001: 17), que é "o resultado, sobre todo, das relacións e contactos entre os seus cidadáns, é a aposta pola diversidade, a mestura, o encontro, as respostas sociais ás necesidades cotiás; é a festa, o traballo, o xogo e a educación; é o espazo –tamén mental– da cultura, da identidade, do imaxinario colectivo e da apertura ao exterior, é o marco da solidariedade cos propios e os alleos; é a sorpresa, o descanso e o movemento... é a aventura de vivir intensamente día a día".

Unha cidade que segue tendo na súa continua renovación e transformación un dos grandes retos da contemporaneidade, tanto desde o punto de vista pedagóxico coma político. Neste sentido, na *Carta das Cidades Educadoras* afirmárase que a cidade deberá saber "encontrar, preservar e presentar a súa propia e complexa identidade... [de xeito tal que] a transformación e o crecemento dunha cidade deberán estar presididos pola harmonía entre as novas necesidades e a perpetuación das construcións e símbolos que constitúan claros referentes do seu pasado e da súa existencia". Unha cidade, afirmamos, na que é preciso conciliar os intereses individuais cos colectivos desde o diálogo e a participación, na que se instale "unha visión da habitabilidade, calidade de vida e sustentabilidade que sitúe o seu eixo de preocupación no benestar das persoas, entendendo por cidadáns non só aos habitantes da urbe, adultos e con traballo, senón tamén a todas as persoas beneficiarias dos seus servizos, incluso –ou sobre todo– aos nenos" (Pose, 2006: 84).

Cumpriría, con sentido da xustiza histórica, recoñecer aquí a estimable traxectoria que o Concello de Barcelona ten acreditado nos vinte anos de desenvolvemento do proxecto e modelo que representan as "Cidades Educadoras", que nas palabras do que fora o seu Alcalde Pascal Maragall (2008: 16), supón una decidida reivindicación da cidade das persoas: "unha cidade que pode e debe ser á vez marco e axente educador... un proxecto dirixido á cidade e ao mundo.... dirixido ás persoas, e coa vontade de que fose asumido, compartido, redefinido, por tantas outras cidades, por tanta outra xente".

1.5. As Cidades Educadoras na traxectoria dos Congresos Internacionais

No percorrido histórico das Cidades Educadoras, fundamentalmente no que respecta ás súas iniciativas a favor da construción da súa identidade como un movemento de amplas fronteiras educativas e sociais, desempeñaron un

importante papel a convocatoria dos dez Congresos Internacionais que tiveron lugar no período comprendido entre novembro de 1990 e abril de 2008. Unha facultade reservada exclusivamente ás cidades membros da Asociación Internacional de Cidades Educadoras (AICE). Son Congresos que se celebran cada dous anos, sendo a ocasión para difundir, contrastar e intercambiar experiencias e boas prácticas, posibilitando tamén un estimable grao de relación e colaboración entre as cidades. No que segue resumimos brevemente os datos básicos de cada un dos eventos, así como dos contidos que focalizaron os seus debates e principais liñas de reflexión e acción educativa (véxase cadro axunto).

Cadro 1: Congresos Internacionais de Cidades Educadoras

Ano	Cidade (país)	Tema - Lema
1990 (I)	Barcelona (España)	<i>A Cidade Educadora para nenos e mozos</i>
1992 (II)	Goteborg (Suecia)	<i>A formación permanente nas Cidades Educadoras</i>
1994 (III)	Bolonia (Italia)	<i>Re-coñecerse: para unha nova xeografía das identidades</i>
1996 (IV)	Chicago (Estados Unidos)	<i>As artes e as humanidades como axentes de cambio social</i>
1999 (V)	Xerusalén (Israel)	<i>Levar o legado e a historia cara ó futuro</i>
2000 (VI)	Lisboa (Portugal)	<i>A cidade, espazo educativo no novo milenio</i>
2002 (VII)	Tampere (Finlandia)	<i>O futuro da educación: o papel da cidade nun mundo globalizado</i>
2004 (VIII)	Bolonia (Italia)	<i>Outra cidade é posible: o futuro da cidade como proxecto colectivo</i>
2006 (IX)	Lyon (Francia)	<i>O papel das persoas na cidade</i>
2008 (X)	São Paulo (Brasil)	<i>Construción da cidadanía en cidades multiculturais</i>
2010 (XI)	Guadalaxara (México)	<i>Deporte, políticas públicas e cidadanía. Retos dunha Cidade Educadora</i>

Fonte: Elaboración propia.

O I Congreso de Cidades Educadoras sería convocado en Barcelona, celebrando as súas sesións do 26 ao 30 de novembro do ano 1990 coa participación de 63 cidades dun total de 21 países do mundo. As súas actas editadas polo Concello de Barcelona (1990), distinguen tres seccións principais: a primeira ("Perspectivas arredor da Cidade Educadora") refire a idea da Cidade Educadora desde diferentes perspectivas disciplinares, científicas ou profe-

sionais; a segunda ("Consideracións xerais sobre a Cidade Educadora") acolle diversos traballos teóricos que tratan de forma global a idea de Cidade Educadora; a terceira e última ("Ámbitos, institucións e medios da Cidade Educadora"), refire os contextos, axentes e potencialidades educadoras da cidade, sen esquecer algúns dos seus riscos e realidades emerxentes.

Cabe dicir que unha parte considerable dos relatorios e debates deste I Congreso tiveron como referente temático a cidade en tanto que escenario educativo, asumindo que no mesmo conflúen distintos procesos e dinámicas (demográficas, económicas, políticas, culturais, etc.), que implícita o explicitamente educan. A complexidade das súas interaccións e das relacións humanas nas que se basean, amosan a necesidade dunha activa implicación dos poderes públicos na mellora da educación e da vida urbana; a tal fin, sinala Eulàlia Bosch (2008: 267), "*a mensaxe que se lanza nesta primeira reunión internacional era que a administración local debía impulsar de forma decidida a identificación e o recoñecemento doutros actores e outros espazos como axentes educativos, ademais da familia e a escola*". Neste logro, a cidade deberá abrir novas canles para a participación da cidadanía, convidando "*aos educadores a considerar a cidade como o gran centro de recursos á súa disposición*".

Neste primeiro Congreso quedaría aprobada a Carta *Fundacional de Cidades Educadoras*, revisada posteriormente no III Congreso Internacional celebrado en Bolonia (Italia) en 1994 e no VIII Congreso, que tivo lugar en Xénova (Italia, 2004).

Os fundamentos normativos e programáticos da Carta remitiranse á *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* (1948); ao *Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais* (1966); á *Declaración Mundial sobre Educación para Todos* (1990); á *Convención sobre os Dereitos da Infancia* (1990) e á *Declaración Universal sobre a Diversidade Cultural* (2001).

Tendo como soporte os contidos emanados do consenso internacional, a Carta identifica os principios básicos nos que deberá sustentarse a identidade educadora das cidades, salientándose o importante cometido que na mesma terán as actuacións políticas, sobre todo no ámbito das responsabilidades conferidas ás Administracións Locais: "*as municipalidades –dise no epígrafe 5 dos principios que describen "o dereito á Cidade Educadora"– exercerán con eficacia as competencias que lles correspondan en materia de educación. Sexa cal sexa o alcance destas competencias, deberán formular unha política educativa ampla, de carácter transversal e innovador, incluíndo nela todas as modalidades de educación formal, non formal e informal e as diversas manifestacións culturais, fontes de información e vías de descubrimento da realidade que se produzan na cidade*".

Reforzando este aporte, crearíase un *Banco Internacional de Experiencias Educadoras*, xestionado polo Concello de Barcelona. Complementariamente sería creado un Comité Permanente Inter-Congresos, ao que se lle asignará o rol principal de decidir a frecuencia e a sede dos seguintes Congresos, colaborar coa cidade organizadora e potenciar o desenvolvemento da Carta de Cidades Educadoras. Este Comité, que mais tarde mudaría a expresión "Permanente" por "Executivo", levaría a cabo estas funcións ata o ano 1994, no que sería creada a *Asociación Internacional de Cidades Educadoras* (AICE).

A celebración do *II Congreso Internacional de Cidades Educadoras* tería lugar en Göteborg (Suecia), do 25 ao 27 de novembro de 1992, coa presenza de 130 cidades e 43 países. O tema e lema do mesmo sería "*A formación permanente nas Cidades Educadoras*", tratando de salientar a importancia de estender a educación da infancia e xuventude a unha formación ao longo de toda a vida. Nas sesións do evento, tal e como refire Eulàlia Bosch e o Secretario da AICE (2008: 269), "*para moitos dos participantes quedaba claro que o concepto mesmo de Cidade Educadora se transformaba nun instrumento ao servizo dunha mellor comprensión do fenómeno urbano, sen excusión ningunha, e dos seus mecanismos de xestión e reprodución*".

Neste segundo Congreso Internacional, celebrado en Göteborg, confirmaríase a relevancia destes encontros entre as cidades para intercambiar e contrastar experiencias sobre un tema determinado, así como para estimular a reflexión e o debate arredor das Cidades Educadoras, coa colaboración de especialistas de diversos ámbitos do coñecemento e da práctica profesional.

En 1994, tamén no mes de novembro, celebraríase en Bolonia (Italia) o *III Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, co lema "*Re-Coñecerse: para unha nova xeografía das identidades*". Neste encontro, que tamén acollería a Asemblea Xeral de Cidades, na que se presentaron e aprobaron os Estatutos da *Asociación Internacional de Cidades Educadoras* (AICE), participaron representantes de mais de duascenas cidades, que centraron os seus debates e inquiredanzas nos procesos migratorios e nas dinámicas emerxentes da multi e interculturalidade, cada vez máis recoñecibles nos trazos implícitos á modernización da vida urbana.

Por primeira vez no continente americano, sería a cidade de Chicago (Estados Unidos), en 1996, quen asumiría a convocatoria e organización do *IV Congreso Internacional de Cidades Educadoras*. O tema elixido sería "*As artes e as humanidades como axentes de cambio social*", mesmo dando cabida nas súas sesións a distintas experiencias artísticas de índole musical, literaria, etc. Neste sentido, unha das novidades deste Congreso consistiría na apertura da educación aos novos vínculos expresivos e culturais do quefacer cidadán,

outorgándolle un especial protagonismo na súa promoción e desenvolvemento os poderes públicos locais.

O *V Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, que tería lugar en marzo de 1999 en Xerusalén (Israel), tería como tema central dos seus debates a preocupación por "*Levar o legado e a historia cara as futuro*", coa intencionalidade básica de intercambiar experiencias e propostas de futuro sobre o legado patrimonial e a historia. Nesta perspectiva adquiren un especial releve para a educación nas cidades tanto os legados materiais e inmateriais como a presenza urbana das relixións.

En todo caso, tamén debe salientarse que co gallo da celebración deste Congreso a Asemblea Xeral da AICE aprobaría un decálogo orientado a renovar o quefacer educativo das cidades e da súa vocación educadora, con propostas que explicitamente estaban chamadas a incidir en aspectos coma os seguintes: plena confianza na vixencia e utilidade do concepto de Cidade Educadora como un servizo aos cidadáns; defensa dunha concepción global de educación que impregne ao conxunto da vida da cidade e que afecte a todos os cidadáns; necesidade de activar todas as oportunidades de diálogo educador para mellorar as condicións de convivencia e calidade de vida; utilidade do intercambio e avaliación de experiencias como un valioso activo do movemento de Cidades Educadoras; importancia dos cambios sociais e de todas as dinámicas que comportan para a vida municipal e o rol que esta debe desempeñar no novo milenio.

Lisboa, en Portugal, sería a sede do *VI Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, celebrado en novembro de 2000, poucos meses despois do que lle precederá en Xerusalén. Agora o lema tería como tema principal "*A cidade, espazo educativo no novo milenio*", dando cabida no mesmo a cinco grandes ámbitos de reflexión: a apropiación do espazo de cidade polas persoas (planificación e prácticas); memoria e identidade da cidade; desenvolvemento local, solidariedade e interdependencias; a diversidade como recurso educativo para a cidade e para a escola (novos modelos de participación e cidadanía); educación, formación, emprego e lecer: o papel estratéxico da cidade.

A cidade finlandesa de Tampere asumiría a responsabilidade da organización do *VII Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, en xuño do ano 2002, convocando aos participantes a debater sobre "*O futuro da educación: o papel da cidade nun mundo globalizado*", xusto cando *internet* e os procesos de *globalización* xa tiñan adquirido un importante papel na cotidianidade da vida das persoas e das cidades. Os aportes dos congresistas xiraron principalmente arredor de cinco grandes campos temáticos: o papel

da cidade en crear e manter sistemas educativos; os contornos da ensinanza modernos: redes locais e globais; os valores, no tocante aos aspectos éticos e étnicos da ensinanza; a igualdade, desigualdade e marxinalización; a ensinanza e o traballo.

Neste VII Congreso presentaríase o proxecto "A cidade Educadora Virtual" (www.edcities.org), como un novo portal deseñado coa intención de favorecer o intercambio e a aprendizaxe mutua entre cidades.

De novo Italia, en Xénova, capital da rexión de Liguria, acollería a celebración dun novo evento. Tería lugar do 17 ao 20 de novembro de 2004, organizando VIII Congreso Internacional de Cidades Educadoras co lema "Outra cidade é posible. O futuro da cidade como proxecto colectivo". Neste encontro subliñaríase a importancia das dinámicas participativas e da democracia como tarefa compartida, como valores indiscutibles das Cidades Educadoras. Ao respecto, no programa do Congreso insistiríase en que os proxectos educativos e culturais das cidades deben ser compartidos, como piares fundamentais "de calquera hipótese de desenvolvemento local sustentable que saiba conxugar positivamente á sociedade local cos estímulos –mais tamén ás potenciais desestructuracións– que proveñen da globalización".

Cabe salientar, en palabras do Presidente do Comité Técnico-científico, Luca Borzani, o importante papel que se lle concedeu á "construción de espazos públicos de confrontación e diálogo sobre o futuro da cidade, a partir da propia historia, as propias tensións, a evidencia das propias dificultades" á hora de solicitar "unha posición central nas políticas e accións públicas", sobre todo para "exercer unha cidadanía activa e compartir as ferramentas da participación civil"

No marco deste Congreso sería actualizada a Carta de Cidades Educadoras, recollendo unha ampla participación das cidades asociadas á mesma. Tratábase de adaptar a Carta aos cambios urbanos, educativos e sociais experimentados nos derradeiros anos, mantendo o espírito inicial da Declaración de Barcelona de 1990. Na nova redacción, a Carta distingue con claridade tres grandes apartados, ademais do Preámbulo: "O Dereito á Cidade Educadora"; "O compromiso da Cidade"; e "Ao Servizo Integral das Persoas". Ademais dá cabida a novas problemáticas e liñas de actuación, como son a formación ao longo da vida; a accesibilidade de todas as persoas aos diferentes servizos, equipamentos, recursos, etc. das cidades; a cualificación e formación nas tecnoloxías da información e a comunicación; o desenvolvemento sustentable; etc.

A cidade francesa de Lyon, entre os días 14 e 17 de setembro de 2006, organizaría o IX Congreso Internacional de Cidades Educadoras, convocando

aos seus participantes (900 persoas, procedentes de 44 países) a reflexionar e debater sobre "*O papel das persoas na cidade*". Unha temática que sería articulada arredor de catro eixes argumentais: a educación ao longo de toda a vida, nas súas perspectivas formal e non formal; as relacións humanas na cidade: vivir xuntos, democracia e igualdade; os espazos urbanos e os tempos sociais; a cooperación entre cidades.

Tentando poñer o acento na necesidade de promover o recoñecemento de cada persoa e de todas as persoas na vida das cidades, os debates e intercambios suscitaron unha estimable reflexión sobre o que podería e debería ser "o novo humanismo urbano", susceptible de dar un sentido político ao desenvolvemento das cidades e de trazar vías de futuro que sitúen á infancia e á xuventude no lugar que se merecen. De aí que, nesta perspectiva as cidades da AICE se reafirmaran na urxencia e necesidade de: defender, promover e comprometerse en valores comúns (igualdade, solidariedade, paz, respecto á dignidade humana, etc.); adoptar as iniciativas necesarias para concretar estes valores en políticas locais; cooperar, intercambiar e levar a cabo accións conxuntas de formación dirixidas a cargos electos e persoal técnico, en aras á apropiación destes valores humanos.

A Declaración final deste *IX Congreso*, referida aos "*Dereitos e o lugar dos nenos na cidade*", insistiría no compromiso que as cidades deben adquirir para coordinar a mobilización dos recursos educativos e materiais dos seus territorios (o Estado, as empresas, as estruturas de formación profesionais), dos seus propios recursos humanos e financeiros, dentro dunha lóxica de misión de servizo público aberto a todas e a todos.

O *X Congreso Internacional de Cidades Educadoras*, último dos que se teñen celebrado ata agora, tería como sede a cidade de São Paulo (Brasil). As súas sesións tiveron lugar entre os días 24 e 26 de abril de 2008, con un lema principal "*Construción de cidadanía en cidades multiculturais*", arredor do que se articularon tres eixes temáticos:

- *A cidade como espazo de aprendizaxe*. No mesmo foron abordados contidos relativos ao papel educador das políticas públicas, ao urbanismo como forza educadora, a preservación e mellora do patrimonio cultural; a sustentabilidade e as diversas iniciativas para promover a cultura da paz e a convivencia.
- *Identidade, diversidade e cidadanía*. Uns contidos orientados á comprensión da cidade multicultural, da diversidade e do respecto ás diferenzas (a migración, o xénero, a orixe étnica, a relixión, a cultura), afrontando calquera tipo de discriminación ou segregación.

- *A inclusión, a equidade e os dereitos.* Non só como unha vía para afondar no diagnóstico dos problemas cotiás das cidades, senón e sobre todo, para procurar alternativas que aporten solucións viables e perdurables, respectuosas cos dereitos humanos e unha activa participación de diferentes axentes no diálogo social.

O próximo Congreso Internacional de Cidades Educadoras, previsto para o ano 2010 na súa undécima edición, terá lugar na cidade mexicana de Guadalajara, no Estado de Jalisco, tendo como tema central dos seus debates contidos relativos a "*Deporte, políticas públicas e cidadanía. Retos dunha Cidade Educadora*", que será analizado atendendo a cinco subtemas principais: Saúde e Medio Ambiente; Inclusión social e participación cidadá; Políticas públicas e espazo urbano; cultura de paz; Educación e identidade.

2. A EDUCAÇÃO NAS COMPETÊNCIAS MUNICIPAIS: MARCO NORMATIVO-LEGISLATIVO

As atribuições municipais no domínio da educação são o objecto principal deste capítulo. Procuraremos identificar o quadro legal aplicável no contexto português e galego, as áreas de intervenção dele decorrentes, proceder à sua comparação e apresentar algumas considerações sobre os desafios, riscos e oportunidades que este processo coloca, tendo por referente principal o contexto envolvente, de modo a propiciar “uma maior agilidade das estruturas administrativas e um incremento da eficácia e da eficiência na prestação geral do serviço educativo” (Alvarez, 2006: 80).

2.1. Enquadramento legal das atribuições dos municípios portugueses em matéria educativa

A **Constituição da República Portuguesa** reconhece três categorias de autarquias locais: as freguesias, os municípios e as regiões administrativas. No caso específico das regiões autónomas da Madeira e dos Açores, integram-se, de igual modo, freguesias e municípios (n.º 1 e 2 do art. 236º).

As competências das autarquias locais são definidas em obediência ao princípio da descentralização administrativa (art. 237º), que lhes reconhece património e finanças próprios, órgãos deliberativos e executivos, poder regulamentar e quadros de pessoal próprios (art. 238º, 239º, 242º e 243º da Constituição). Os órgãos representativos da freguesia são a Assembleia de freguesia (deliberativo) e a Junta de freguesia (executivo), podendo as freguesias constituir associações para a administração de interesses comuns (art. 244º a 247º da Constituição). Os órgãos representativos do município são a Assembleia Municipal (deliberativo) e a Câmara Municipal (órgão executivo), podendo os municípios constituir associações e federações para a administração de interesses comuns (art. 250º a 253º da Constituição).

A organização do poder local prevê a criação das Regiões administrativas por intermédio de consulta directa de alcance nacional, que não obteve o voto favorável da maioria dos cidadãos eleitores no único referendo realizado em Portugal sobre a matéria, a 8 de Novembro de 1998. Os órgãos representativos da região administrativa, uma vez criadas, serão a Assembleia Regional (deliberativo) e a Junta Regional (executivo), conforme previsto nos art. 255º a 261º da Constituição.

A *Lei n.º 46/86, de 14 de Outubro* (Lei de Bases do Sistema Educativo), consagra o princípio da descentralização, desconcentração e diversificação das estruturas e acções educativas, de modo a promover a inserção no contexto local e a adequação da sua intervenção, que se pretende participada e eficiente (alínea g) do art. 3º). Este princípio corporiza-se na intervenção que a Lei atribui ao município em distintas áreas, que passamos a enunciar:

- Na constituição da rede de educação pré-escolar (n.5 do art. 5º);
- Na organização da educação especial (n.6 do art. 18º);
- Na organização dos cursos de formação profissional (alínea b), do n.6 do art. 19º);
- Na realização de actividades extra-escolares (n.5 do art. 23º);
- No planeamento da rede escolar e na construção e manutenção dos edifícios escolares e seu equipamento (art. 38º).

As atribuições municipais neste domínio são associadas pelo legislador à descentralização e à autonomia do sistema educativo. O objectivo é que, ao nível local, escolas, autarquias e outros agentes da comunidade educativa funcionem interligados, no respeito pelos princípios da democraticidade e da participação (art. 43º). A regionalização efectiva da rede escolar pressupõe, todavia, uma definição clara das competências dos intervenientes e os recursos necessários para o efeito (art. 38º). As autarquias passam a estar representadas no Conselho Nacional da Educação, com funções deliberativas (art. 46º).

No *Decreto-Lei n.º 115-A/98, de 4 de Maio*, que estabelece o regime de autonomia, administração e gestão dos estabelecimentos da educação pré-escolar e dos Ensinos Básico e Secundário, a autarquia tem assento na Assembleia, órgão de participação e representação da comunidade educativa, e responsável pela definição das linhas orientadoras da actividade da escola. Nela encontram também lugar os representantes dos docentes, das famílias, dos alunos, do pessoal não docente e de outras entidades relevantes da comunidade (art. 8º). A composição do órgão surge pormenorizada no art. 9º. No que diz respeito à designação dos representantes, estes são designados, no caso específico da autarquia, pela câmara municipal, que pode delegar esta competência nas juntas de freguesia (n. 3 do art. 12º).

Para além de formalizar a participação do município na gestão das escolas, o diploma em apreço consagra os Conselhos Locais de Educação logo no seu artigo segundo, mais tarde rebaptizados como Conselhos Municipais de Educação. A sua criação é de iniciativa local, e pretendem constituir-se como “estruturas de participação dos diversos agentes e parceiros sociais com vista à articulação da política educativa com outras políticas sociais” (art. 2º). O Município vê ainda reconhecido o seu papel territorial nos princípios que orientam a constituição dos agrupamentos de escola, uma vez que o agrupamento integra escolas de um mesmo concelho, “salvo em casos devidamente justificados e mediante parecer favorável das autarquias locais envolvidas” (n.3 do art. 6º).

Sensivelmente dez anos depois entrou em vigor o *Decreto-Lei n.º 75/2008, de 22 de Abril*, que define um novo regime de autonomia, administração e gestão, sem introduzir alterações significativas no que concerne ao papel do município, que mantém o seu lugar no Conselho Geral. A este órgão compete, à semelhança da extinta Assembleia, definir as linhas orientadoras da actividade da escola (art. 11º). Mantém-se o princípio geral de participação das autarquias no processo educativo (alínea c) do n.2 do art. 3º), quer por intermédio da presença no Conselho geral, quer por intermédio da articulação com a comunidade educativa no seio dos Conselhos Municipais de Educação (n.2º do art. 11º). De sublinhar a participação da câmara municipal nas negociações conducentes à celebração de contratos de autonomia, que visam reforçar os seus níveis de competência e de responsabilidade, mediante a participação dos Conselhos Municipais de Educação (art. 56º e 57º).

A título de curiosidade, refira-se que o Conselho Geral transitório, a criar em cada agrupamento ou escola para efeitos de adaptação ao novo regime, prevê a designação de três representantes do município, de acordo com os mecanismos de designação já previstos no Decreto-Lei n. 115-A/98. Novidade é que a aprovação do plano de formação e de actualização do pessoal não docente, da competência do Director, passa pela consulta do município (alínea b) do n.2º do art. 20º). O município pode, por sua vez, delegar competências no Director. Por outro lado, compete ao coordenador de escola ou estabelecimento de educação pré-escolar promover e incentivar a participação da autarquia nas actividades educativas (alínea d) do art. 41º).

Quadro 2: Marco normativo das competências locais de educação no caso português

Competências	LBSE 46/1986	Dec.-Lei 115-A/98	Lei 159/99	Lei 169/99	Dec.-Lei 7/2003	Dec.-Lei 75/2008
Participação na programação do ensino	38 46		19.2 a)		4.1 b) e d); 10	
Construção, apetrechamento e manutenção das escolas públicas	38		19.1 a) e b); 23.1	64.2 f) 66.2 f) e g)	4.1 h); 22	
Ampliação e modificação da rede escolar	38	6.3				
Fomento de actividades ou serviços complementares	23.5		19.3	64.1 l) e m); 64.4 d)	4.1 e) e f)	
Participação na Assembleia / Conselho Geral da Escola		8.2 12.3		64.2 g)		11.2 12.2
Educação de pessoas adultas						
Oferta de Educação Infantil	5.5		23.1			
Oferta de formação profissional	19.6 b)		28.1 d)			
Ensino artístico						
Orientação psicopedagógica e profissional						
Colaboração na formação de professores/pessoal não docente						20.2 b)
Conselhos municipais de educação		2	19.2 b)	64.2 i)	3	11.2
Alunos com necessidades educativas especiais	18.6		23.1		4.1 f)	
Delegação de competências de gestão de determinados serviços educativos			15	66.2 f) e g); 67		20.6
Colaboração com as federações ou grupos mais representativos						

Fonte: Elaboración propia.

A representação autárquica no Conselho Geral foi criticada por Afonso (2008) e Barroso (2008), que emitiram pareceres sobre o novo modelo de gestão. Para o primeiro, essa representação “atribui implicitamente ao município o estatuto de uma entidade da sociedade civil, obscurecendo o seu papel como entidade pública envolvida na provisão do serviço da educação”. Logo, conclui que a intervenção local na educação se deve concretizar pela transferências de competências da administração central e na relação com os diferentes parceiros educativos no seio do Conselho Municipal de Educação.

Na mesma linha de pensamento, Barroso sublinha a necessidade do reforço da autonomia das escolas ser acompanhada pela descentralização nos municípios, processo que, apesar de previsto na lei, se encontra por concretizar. Se é esse o caminho a seguir, “a autarquia devia assumir plenamente o seu papel de tutela (nos domínios da sua competência) e de controlo externo, através de órgãos próprios, não fazendo sentido integrar um órgão interno de administração da escola”.

A consulta da restante legislação ordinária que passamos a operar cinge-se às actividades no âmbito da educação atribuídas por lei aos municípios, de modo imperativo ou facultativo, pondo de parte outras actividades, projectos e equipamentos educativos de iniciativa municipal não referidos expressamente na lei, bem como as actividades de intervenção e mediação política (Fernandes, 2005a). Estamos cientes da diversidade e da dimensão que frequentemente, aquelas actividades assumem, no âmbito da intervenção municipal, e que surgem claramente ilustradas no trabalho de Costa (2007), mas essa análise excede claramente o objectivo proposto para este trabalho. O terceiro e último ponto pretende reflectir sobre a acção educativa do município, as dificuldades, as reivindicações e os resultados associados à sua intervenção, e pretende também interrogar o futuro, os desafios e os riscos que a transferência de novas atribuições colocam. Essa reflexão remete-nos inevitavelmente para as duas dimensões definidas por Fernandes que, voluntariamente, omitimos no texto presente.

O quadro de competências e atribuições das autarquias locais encontra-se definido legalmente na *Lei n.º 159/99, de 14 de Setembro*, e na *Lei n.º 169/99, de 18 de Setembro*. A actuação dos órgãos dos municípios e das freguesias distribui-se por diversas vertentes, de acordo com o quadro n.º 1º (conforme o disposto nos art. 13º e 19º da *Lei n.º 159/99*, e na *Lei n.º 169/99*). Para além das competências atribuídas pela Lei, as freguesias podem realizar investimentos ou gerir equipamentos e serviços municipais que lhes sejam delegados pelos municípios, nos termos do art. 15º da *Lei n.º 159/99* e do art. 66º da *Lei n.º 169/99*.

O município não age em detrimento de outras instituições educativas, age com elas, dinamizando iniciativas e promovendo potencialidades, de forma a que “se constitua uma rede educativa com a intencionalidade expressa de melhorar a vida dos seus cidadãos” (Fernandes, 2005^a: 200). As autarquias dispõem de atribuições que, situando-se noutros domínios, estão interligadas com a acção educativa *strito sensu*, como sucede com o domínio do património, cultura e ciência, com o domínio dos tempos livres e desporto, com o domínio da acção social ou ainda com o domínio da promoção do desenvolvimento, igualmente identificados na Lei n.º 159/99. O âmbito de educação extra-escolar, de que são exemplos as ofertas de formação ao longo da vida e as iniciativas de educação ambiental ou para a cidadania, faz parte dessa outra dimensão. Vamos todavia excluí-los da nossa análise, por razões de espaço e de economia, com a ressalva devida, reconhecendo a sua importância para a acção educativa e para a construção de um município educador. O legislador neles faz coincidir, precisamente, duas áreas de intervenção, assumidas na Lei de bases do sistema educativo e referidas anteriormente: as actividades de formação profissional (alínea d) do n.º do art. 28º) e o campo da educação especial (n.º do art. 23º).

Para o desenvolvimento das atribuições educativas, a autarquia deve receber os meios humanos, os recursos financeiros e o património necessários para a sua correcta execução (art. 3º da Lei n.º 159/99). O património e os equipamentos transferidos passam a constituir património da autarquia (n.º do art. 11º do mesmo diploma e art. 26º do Decreto-Lei n.º 7/2003).

De acordo com o *Decreto-Lei n.º 7/2003, de 15 de Janeiro*, regulador das competências, composição e funcionamento dos conselhos municipais de educação, e das respectivas cartas educativas, compete às autarquias garantir a construção, apetrechamento e manutenção dos Estabelecimentos de Educação Pré-Escolar e das Escolas do Ensino Básico, ou seja, a gestão do parque escolar, a sua fiscalização e licenciamento, a que acresce o necessário planeamento concertado no âmbito do Conselho Municipal da Educação. No que respeita aos 2º e 3º Ciclos do Ensino Básico, o exercício daquelas competências passa pela celebração de contrato com o Ministério da Educação, identificando a tipologia e os custos da intervenção (n.º do art. 22 do Decreto-Lei n.º 7/2003).

É no contexto do funcionamento do Conselho Municipal da Educação, consultivo por definição legal, que o município assume um duplo papel de consultor e de gestor, que requer o parecer dos parceiros na definição da política educativa, e preside ao Conselho, e de consultado, pelos mesmos parceiros, no decurso da negociação, se esta for participada e profícua. A elaboração da Carta Educativa, a integrar nos planos directores municipais, e

que identifica a nível municipal os edifícios e equipamentos educativos, a sua localização geográfica, bem como a oferta educativa de educação escolar e extra-escolar até ao Ensino Secundário, corporiza o instrumento de planeamento estratégico para a acção educativa municipal, e deve ser resultado de um amplo envolvimento dos membros do Conselho e da comunidade que estes representam e solicitam, por diversos meios, a colaborar, tendo em vista a melhor utilização dos recursos educativos. É neste âmbito que podemos integrar ainda a intervenção do município na negociação e execução dos contratos de autonomia, referidos anteriormente, nos programas de prevenção e segurança dos espaços escolares e dos seus acessos, e na criação de agrupamentos de escolas, que depende de parecer favorável do município, de acordo com a compatibilidade que manifeste com os princípios orientadores da Carta Educativa.

As actividades de apoio à frequência escolar incluem a organização e gestão dos transportes escolares, dos refeitórios dos estabelecimentos de educação pré-escolar e do ensino básico, do programa de alojamento dos alunos que frequentam o ensino básico e a comparticipação no apoio no domínio da acção social escolar. Às autarquias cabe nesta vertente planear, executar, investir os montantes necessários e fiscalizar a intervenção de outras entidades, se proceder à adjudicação do serviço (art. 19º da Lei n.º159/99, devidamente articulado com o art. 64º e 66º da Lei n.º 169/99). No caso específico das refeições escolares dos alunos do 1º Ciclo do Ensino Básico, os municípios podem realizar parcerias com agrupamentos de escolas, com escolas, com associações de pais e encarregados de educação ou entidades adequadas, comprometendo-se a exercer um controlo directo da gestão do fornecimento das refeições, “traduzido no acompanhamento local do funcionamento do serviço e na fiscalização do cumprimento das normas aplicáveis” (n.4º do art. 3º do Despacho n.º 22 251/2005). O preço da refeição é comparticipado pelo Município e pelo Ministério da Educação, e suportado na parcela restante pelo aluno, a não ser que beneficie da Acção Social escolar, situação em que fica isento ou pagará um montante reduzido.

As autarquias têm igualmente por função apoiar o desenvolvimento de actividades complementares de acção educativa na educação pré-escolar e no ensino básico. Neste domínio, as autarquias podem assumir o papel de promotor das actividades, planeando-as, gerindo-as e financiando-as, como podem celebrar acordos de colaboração com outras entidades, que ficarão, de algum modo, sujeitas à sua fiscalização. Recentemente foi generalizado o apoio financeiro para organização e financiamento das actividades de enriquecimento curricular no 1.º Ciclo do Ensino Básico, nomeadamente para o ensino do inglês, o ensino da música, a actividade física ou desportiva ou actividades noutros domínios (Despacho n.º12 591/2006).

A transferencia do persoal debe operar-se de acordo com o previsto no art. 12º da Lei n.º159/99 e do art. 28º do Decreto-Lei n.º7/2003. Cabe deste modo ao municipio planificar, gerir e suportar os encargos financeiros com o persoal non docente dos establecementos de educación pré-escolar e das escolas do 1. Ciclo do Ensino Básico.

2. 2. Enquadramento legal das atribucións dos municipios galegos em matéria educativa

Desde a chegada dos Concellos democráticos á realidade do contexto español teñen aparecido unha serie de leis educativas con distinto grao de afectación para as corporacións locais, no que respecta ao papel que os municipios deben desempeñar na prestación do dereito á educación, para o que lles faculta o artigo 25 da *Lei Reguladora das Bases do Réxime Local*. En concreto, son varias as leis orgánicas a observar (LODE, LOXSE, LOPEG, LOCE e LOE), en paralelo á normativa específica de ámbito local (LRBRL e RD 2274/1993), sendo ambas normas, a educativa e a municipal, das que se extraen as seguintes anotacións.

A *Lei 7/1985, de 2 de abril*, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.1, establece que “o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”. Esta cláusula xeral faculta aos gobernos locais para atender ás demandas da cidadanía mediante a disposición de recursos e servizos educativos. Con todo, esta cláusula faculta pero non obriga, de modo que a iniciativa municipal queda suxeita á vontade política de acometer actuacións neste sentido.

En todo caso, o municipio exercerá competencias nas materias que determina o apartado n) do artigo 25.2, facultando ás corporacións locais para actuar nos ámbitos educativo, social, cultural, deportivo, ambiental, sanitario, etc. A maiores, o artigo 28 agrega que “os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas”.

Estas competencias locais quedarán posteriormente referendadas na *Lei 5/1997, do 22 de xullo*, de administración local de Galicia, remitindo ao capítulo IV do Título I a potestade municipal para exercer “a participación na programación da educación e a cooperación coa administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria” (Art. 80.ñ). Ao que cómpre engadir as

cláusulas do Art. 86, na que se indica que para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras Administracións Públicas e, en particular, as relativas a educación, cultura, mocidade, deporte, promoción da muller, protección do medio natural, etc.

A *Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo*, reguladora do Dereito á Educación, no seu artigo 44, engade ao establecido pola LRBRL que “as corporacións locais cooperarán coas Administracións Educativas correspondentes na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria”. Á súa vez, a LODE preséntase como unha lei que desenvolve o principio de participación educativa establecido no artigo 27.7 da Constitución Española. Para iso, articula a participación da comunidade escolar a través do consello escolar do centro, un de cuxos membros será “un concelleiro ou representante do concello onde se atope radicado o centro” (Art. 41.1).

A *Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro*, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo representou unha ampliación das competencias educativas dos municipios. En boa medida, como se indica no seu limiar, a reforma refírese á provisión da educación como servizo público, “atendendo a unha concepción educativa máis descentralizada e máis estreitamente relacionada co seu contorno máis próximo”.

Os datos manexados na análise do estado educativo do municipio, tanto os recollidos a través do cuestionario aplicado como da exploración das páxinas web, coinciden en apuntar cara a existencia dun importante número de necesidades e demandas compartidas entre os municipios do Eixo. En síntese, obsérvase unha acción municipal cinguida ás competencias educativas locais de carácter obrigatorio, con iniciativas que acentúan os seus perfís escolares -tanto nas actividades que se propoñen como nos servizos que se ofrecen-, marcadas pola necesidade de artellar un Proxecto Educativo de Cidade que supere a escasa capacidade para ofrecer propostas anovadoras, a baixa densidade relacional do ente local e a simplicidade nas súas formas de colaboración institucional.

Converxendo co anterior, a lectura do parecer emitido polos responsables municipais, cando se lles preguntou polas problemáticas educativas do municipio coincide con esta mesma interpretación. Aínda sen desconsiderar as singularidades que se presentan en cada Concello, e coas diferenzas aparecidas entre as grandes cidades e as pequenas localidades, a un lado e a outro da fronteira, de novo, corrobórase a existencia de pautas que son comúns ao conxunto do territorio. Ao tempo, as valoracións achegadas aportan novas claves para complementar o retrato da vida educativa no Eixo Atlántico.

Neste sentido, cómpre sinalar que os enquisados identifican a necesidade de encamiñar ao municipio cara a consolidación dunha política educativa, representada pola súa área de educación e os servizos que dela dependen. Se ben, a xuízo dos inquiridos, esta expectativa vese a día de hoxe moi dificultada.

tada pola falta de recursos humanos e económicos que impide a asunción de novas funcións socioeducativas e que debería de ser contrarrestada por unha vía dupla: dun lado, coa inmediata incorporación de novos profesionais que incrementen e diversifiquen as capacidades dos servizos educativos municipais; e doutro, coa promoción de prácticas de coordinación municipal e transversalidade das políticas públicas. En consecuencia, ampliar as bases formativas dos axentes municipais maniféstase como unha necesidade de primeira orde.

A medio e longo prazo, os enquisados prevén que a suma destes elementos debería situar aos municipios en condicións de poder deseñar e desenvolver, de maneira coparticipada e colaborativa, o seu propio proxecto educativo local. A iso semellan orientarse a maioría dos integrantes do Eixo cando recoñecen as limitacións que na actualidade presentan as súas cartas e guías de servizos, entendendo que cómpre apoiar a definición do mapa de recursos educativos nun diagnóstico de necesidades que permita identificar novas metas, trazar as estratexias adecuadas e habilitar os medios que se precisen. De novo, tamén aquí resulta necesario desenvolver propostas formativas que incrementen a capacidade técnica e política para liderar este tipo de procesos; máxime, cando se declara que as formas de planificación, xestión e avaliación educativa local destacan no listado de puntos febles. E, asemade, cando -de maneira paradoxal- se contrapón a aparente centralidade da educación nas políticas locais coa súa falta de transversalidade na política municipal, identificando a primeira característica entre as fortalezas e a segunda entre as debilidades.

Ante as circunstancias acaídas, cómpre mencionar o escaso número de respostas capaces de ofrecer unha secuencia integradora entre as problemáticas identificadas e as iniciativas desenvolvidas para atender a esas problemáticas, así como entre as prioridades establecidas e a perspectiva política dos futuros escenarios da vida municipal. Se ben, semella que o conxunto dos responsables municipais teñen coñecemento das dificultades existentes para acurtar a distancia entre “o que é” e “o que debería ser” a acción educativa municipal.

A síntese dos aspectos que son comúns tanto ao caso galego como ao caso portugués pon de manifesto que os Concellos coinciden en adscribir a súa política local aos seguintes obxectivos:

- Ampliar o parque escolar e a oferta educativa, conseguindo a universalización da escolarización infantil, mediante unha mellora substantiva no estado das infraestruturas e a creación dos novos centros educativos, consolidando unha rede de escolas municipais debidamente dotadas para o desenvolvemento da actividade socioeducativa.
- Incrementar o nivel educativo de toda a poboación, cumprindo cos obxectivos estratéxicos da Axenda de Lisboa para elevar -de maneira

moi significativa- as cualificacións da cidadanía europea, dende unha atención prioritaria ao combate dos procesos de fracaso, absentismo e abandono escolar, mediante os programas de apoio escolar, “enriquecemento curricular” e educación compensatoria, centrando as actuacións na ampliación das competencias lingüísticas e tecnolóxicas.

- Apoiar o quefacer educativo realizado nos centros escolares, ampliando e diversificando a oferta de actividades extraescolares e servizos complementarios que -sendo unha competencia voluntaria- comezan a xeralizarse como un ámbito de intervención prioritaria para os gobernos locais, moi especialmente, en relación aos servizos de transporte e comedor escolar.
- Lograr unha educación a tempo pleno, dende a ampliación de horarios e calendarios escolares ata a formación ao longo da vida, promovendo programas de conciliación da vida familiar e escolar, que contemplen o uso continuado das instalacións escolares como espazos onde ampliar a oferta de lecer e tempo libre dispoñible no municipio.

Polo que se observa, e insistindo nas reservas de información que ofrecen algúns municipios e/ou no desigual alcance das valoracións expresadas polos enquisados, pode afirmarse a validez destes obxectivos xenéricos como piares dun proxecto educativo para as comunidades locais, que se caracterizaría por mellorar a xestión, a planificación e a cualificación do sistema educativo escolar, no seu conxunto. Ao que cabería engadir unha preocupación, aínda incipiente pero notoria, por afondar na dimensión social e comunitaria da educación, promovendo un compromiso estable coa mellora das condicións de vida da infancia e das familias, cando menos, en relación á xestión e ao uso dos seus tempos de aprendizaxe e de socialización.

Con todo, a teor do observado, anticipase xa a necesidade de engadir dous obxectivos estratéxicos que non deberían estar ausentes de ningún proxecto educativo de cidade:

- un primeiro, que consistiría en desenvolver accións para garantir a equidade e igualdade de oportunidades educativas para toda a poboación, en atención aos dereitos da cidadanía e da súa plena inclusión nas dinámicas sociais que caracterizan a vida local;
- e un segundo, que convoca aos municipios a fomentar a participación social de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do labor educativo, corresponsabilizando a todos os seus axentes (Consellos Escolares, Asociacións de Nais e Pais, Sindicatos, Movementos de Renovación Pedagóxica, etc.) nun actuar que resulte beneficioso para tornarse en comunidades de aprendizaxe e cidades do coñecemento.

Táboa 10: Caracterización educativa común aos municipios do Eixo Atlántico

Eixo Atlántico	Problemáticas da realidade actual	Iniciativas desenvolvidas ata o momento	Iniciativas previstas a medio prazo	Perspectivas a longo prazo
Proxecto educativo	Mapa escolar e proxecto educativo local	Guías de recursos e cartas educativas	Diagnóstico de necesidades educativas e mapa educativo	Proxecto educativo local
Recursos	Falta de recursos humanos e económicos	Incorporación de profesionais ao servizo	Coordinación e transversalidade municipal	Consolidación política da área de educación e asunción de novas funcións sociais
Rede escolar	Infraestruturas dos centros educativos, dotación de equipamentos e oferta educativa de postos escolares (educación infantil e formación profesional)	Centros e Redes de Escolas Infantís Municipais	Creación de novos centros educativos (escolas infantís e ludotecas)	Ampliación do parque escolar e da oferta educativa (universalización da escolarización infantil)
Nivel educativo	Fracaso, absentismo e abandono escolar	Apoio escolar, "enriquecemento curricular" e educación compensatoria (idiomas e tecnoloxías)	Redución do absentismo escolar	Incremento significativo do nivel educativo de toda a poboación
Servizos complementarios	Actividades extraescolares e servizos complementarios	Actividades extraescolares e servizos complementarios (comedores escolares)	Ampliación e diversificación da oferta de actividades e servizos	Apoio indefinido do quefacer educativo que se realiza nos centros escolares
Tempos educativos e sociais	Conciliación familia escola	Programas de conciliación e actividades de lecer e tempo libre	Uso das instalacións escolares para ampliar a oferta de lecer e tempo libre	Educación a tempo enteiro

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

A maiores do antedito, atendendo ás especificidades que se presentan en ambas compoñentes territoriais do Eixo, cabe detallar algúns pormenores que amplían a base destes mínimos para unha política educativa local. Así, no caso galego, obsérvase o especial empeño das cidades en formular estratexias de participación cidadá e de colaboración interinstitucional que articulen a acción da comunidade educativa, poñendo un maior fincapé no rol desempeñado polos Consellos Escolares. En paralelo, interesa tamén mellorar

a calidade da educación no trazado do territorio educador galego, mediante a universalización dos programas de educación para a cidadanía que teñen adquirido un protagonismo cada vez maior, na creación das condicións necesarias para a práctica da convivencia social e intercultural, así como para o exercicio dunha vida saudable e harmoniosa co ambiente.

Táboa 11: Especificidades educativas do caso de Galicia

Galicia	Problemáticas da realidade actual	Iniciativas desenvolvidas ata o momento	Iniciativas previstas a medio prazo	Perspectivas a longo prazo
Comunidade educativa	Relacións de colaboración entre a comunidade educativa	Consellos Escolares e Programas de educación familiar	Creación de escolas de pais e nais	Tecido dunha estrutura de participación educativa e colaboración interinstitucional
Educación cívica	Educación para a cidadanía e os dereitos humanos	Programas de educación para a saúde, educación ambiental, educación viaria e educación intercultural	Programas de inclusión social da diversidade cultural	Convivencia intercultural
Acción sociocultural	Extensión sociocultural do labor educativo	Escolas municipais de artes	Redes de Escolas Municipais de Ensinanzas Especializadas e de grupos culturais locais	Mellora da calidade da educación

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Pola súa banda, no caso portugués, insístese en dúas preocupacións continuamente presentes na descrición da realidade educativa lusa. Dun lado, a que se expresa para propiciar melloras na accesibilidade aos centros educativos, redistribuíndo a cobertura da rede escolar e articulando os elementos que a estruturan (centros, persoal, comedores, transportes, etc.). E doutro, a preocupación que se manifesta ante a notable desarticulación entre as distintas etapas educativas e as dificultades de transición e inserción laboral no mercado de traballo, facéndose necesaria a intervención municipal na formación profesional e ocupacional, así como nos programas de educación de persoas adultas, para fomentar unha aprendizaxe ao longo da vida.

Táboa 12: Especificidades educativas do caso do Norte de Portugal

Norte de Portugal	Problemáticas da realidade actual	Iniciativas desenvolvidas ata o momento	Iniciativas previstas a medio prazo	Perspectivas a longo prazo
Transporte escolar	Accesibilidade aos centros educativos	Rede de transporte escolar	Mellora da rede de transporte	Igualdade de oportunidades para todos e todas
Educación de persoas adultas	Desarticulación entre as distintas etapas educativas e a transición ao mercado de traballo	Programas de formación profesional	Educación e formación de persoas adultas	Formación ao longo da vida

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Dende unha perspectiva de conxunto, pode afirmarse que as valoracións manifestadas polos responsables locais ofrecen unha imaxe axustada ao propio diagnóstico que se extrae das distintas fontes estudadas. Así, a realidade retratada polos enquisados, con maior ou menor precisión, amosa que na maioría dos casos hai un coñecemento xenérico sobre a situación educativa do municipio, dispoñendo medidas que visan afondar na liña de traballo xa iniciada para mellorar o funcionamento da rede escolar, consolidar as dimensións emerxentes do sistema educativo (educación infantil e formación profesional), coordinar a totalidade da oferta formativa do territorio (sobre todo no tocante aos programas de lecer e tempo libre) e, por último, impulsar a participación da comunidade (con especial atención ás familias).

Sen embargo, esa mesma continuidade das accións semella estar a paralizar ou minorar o desenvolvemento dalgúns procesos de modernización da xestión municipal, relativos á transversalidade das políticas, á innovación local, á dimensión relacional do municipio, á colaboración e coordinación coa comunidade educativa, á participación cidadá... e, inclusive, ao traballo en rede, á intermunicipalidade e ás formas mancomunadas ou asociadas de pensar as actuacións no territorio local. Algo que se evidencia -de maneira moi explícita- cando se pregunta sen resposta polas iniciativas que os responsables municipais propoñían para que as estruturas de cooperación como o Eixo axudasen a mellorar o labor educativo dos concellos.

De feito, nos poucos elementos que para mellorar a situación diagnosticada adoita ser tamén onde máis trabas se presentan, moi posiblemente, como expresión dunhas expectativas que non acaban de verse enteiramente satisfeitas. Así sucede cando uns enquisados se declaran partidarios de incrementar o nivel político existente, demandando formación especializada neste sentido; mentres que outros se amosan satisfeitos coa importancia outorgada

ó labor educativo, a pesar de recoñecer a falta de medios para asumir novas funcións e a desprovisión competencial na que se moven. E así sucede tamén cando se apela á participación da comunidade educativa como unha base para avanzar no quefacer compartido, ao tempo que se expresan dúbidas sobre a disposición das familias ao entendemento coa administración, e mesmo sobre o tipo de actuacións que o municipio debe de desenvolver para saír ao encontro dos pais e das nais.

Cadro 9: Matriz DAFO da política educativa local na Eurorrexión

DAFO	OPORTUNIDADES (O)	AMEAZAS (A)
FORTALEZAS (F)	<p>POTENCIALIDADES</p> <p>Centralidade da educación nas políticas locais</p> <p>Apoio municipal á rede escolar</p> <p>Proximidade das necesidades, demandas e problemáticas da cidadanía</p> <p>Programación de actividades e servizos (escolas municipais)</p> <p>Participación da comunidade educativa</p> <p>Activos culturais do territorio e posibilidades do contorno</p> <p>Colaboración e experiencia na relación interinstitucional</p>	<p>RISCOS</p> <p>Localización xeográfica periférica e mapa demográfico</p> <p>Dificultades de comunicación e transporte</p> <p>Limitación dos recursos persoais, profesionais e materiais</p> <p>Indefinición das competencias educativas locais e falta de recoñecemento da condición educadora da Administración Local</p>
DEBILIDADES (D)	<p>DESAFÍOS</p> <p>Intercambio de experiencias</p> <p>Procesos de planificación, xestión e avaliación</p> <p>Transversalidade da política educativa</p> <p>Aproveitamento dos recursos endóxenos e articulación da oferta formativa do territorio</p> <p>Nivel de formación da clase política</p> <p>Relacións de colaboración Municipio-Familias</p>	<p>LIMITACIÓNS</p> <p>Dotación da rede escolar (infraestruturas, equipamentos e tecnoloxías)</p> <p>Fracaso, absentismo e abandono escolar</p> <p>Falta de oferta escolar para continuar estudos técnicos ou superiores</p> <p>Matriculación escolar nos centros educativos (problemas de concentración e de perda de alumnado)</p>

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

O cadro que finaliza este apartado, coas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades da política educativa local no territorio do Eixo Atlántico, sintetiza os aspectos que maior atención merecen, a xuízo dos entrevistados. Amósase así un mapa da situación no que as necesidades observadas deixan paso ás oportunidades que se apoian nos parceiros do territorio, no intercambio de experiencias con outros municipios, na colaboración interinstitucional con outros axentes da comunidade educativa que propicien melloras nos seus procesos de planificación, xestión e avaliación, co obxecto de atravesar toda a política municipal e situarse, como se quere, nun pólo de centralidade para a vida local. Uns elementos ao que se remitirán as propostas derivadas deste

estudo, co obxecto de propiciar experiencias compartidas que permitan avanzar na formulación de grupos de traballo para o trazado de estratexias de codesenvolvemento do territorio.

Ata certo modo, como sucede con calquera análise comparada da realidade, as visións que aquí se presentan non son, nin moito menos, totais ou unívocas. Elas mesmas atenden a matices, perspectivas e puntos de vista sobre as realidades que se viven en cada municipio, e que aquí foron agrupadas co propósito de sinalar as pautas que, en maior ou menor medida, comparten a meirande parte dos entes locais. Neste sentido, cada Concello poderá considerar por si mesmo o próximo ou o distanciado que se atopa de achegarse ao cumprimento dos seus propios obxectivos. Tamén poderá examinar as oportunidades educativas que ofrece en relación aos municipios do seu contorno e, en definitiva, do territorio no que se sitúa como parte do Eixo Galicia-Norte de Portugal.

Con todo, para alén desas lecturas, os datos deste estudo reafirman as posibilidades de traballo en rede que se abren cando as problemáticas son semellantes, e cando se considera que algunhas das mellores formas de afrontalas poden derivarse dun labor construído en parcería con outros axentes. Algo que o Eixo, como plataforma de colaboración, pode favorecer, para articular núcleos urbanos que se convertan en auténticos motores de desenvolvemento económico, social e cultural, impregnados do sentido educativo que radica nun mellor modo de habitar o territorio. E neste sentido, o coñecemento e aprobación en Pleno doutro documento importante na acción educativa e cultural (non só dos municipios) como é a Axenda 21 da Cultura, colaboraría na tarefa de gañar centralidade dos aspectos que vimos destacando nas políticas públicas locais.

4.3. A proxección educativa na rede: unha análise das web municipais do Eixo Atlántico

Cada vez son máis numerosas as referencias que sinalan a condición da Internet como un novo escenario global para proxectar e representar as realidades locais, desenvolvéndose metodoloxías, técnicas e instrumentos para a súa análise, tanto no tocante aos fluxos da información e á métrica dos usos da rede, como no relativo á habilitación de novos contidos e servizos. Para a investigación social, a emerxencia deste campo de análise comporta toda unha serie de posibilidades de estudo e coñecemento, debendo salientar aquí as que aparecen ligadas á modernización das administracións pola vía do goberno electrónico, así como aquelas outras que toman a web como recurso informativo e obxecto de pesquisa.

Unha enquisa española arredor do funcionamento dos servizos públicos, realizada polo *Centro de Investigacións Sociolóxicas* (CIS), no ano 2006, publicada polo *Observatorio de Calidade dos Servizos Públicos da Axencia de Avaliación e Calidade*, concluía que a meirande parte da cidadanía valora positivamente o avance experimentado na incorporación das novas tecnoloxías e na mellora da accesibilidade aos servizos que implican o uso da Internet. De feito, a rede ocupa o segundo lugar das preferencias para relacionarse coa administración española, sendo este un dato máis que suficiente para salientar a súa importancia como canle de relación e comunicación entre a Administración e a cidadanía. E, en consecuencia, semella que analizar estes espazos de interactividade resulta oportuno para artellar estratexias que melloren e incrementen a satisfacción da cidadanía na súa relación coas Administracións.

No tocante ao estudo da actividade educativa dos municipios e do seu labor de pedagogía comunitaria, a rede é unha valiosa fonte, tanto de información como de análise, para achegarse ao quefacer desenvolvido polas entidades locais, nas distintas materias que son obxecto da súa competencia. Non en van, a meirande parte das web municipais acostuman a ser visitadas con fins informativos, comunicativos e interactivos, polos seus contidos de interese para compoñer unha visión do labor educativo desenvolvido pola corporación local. Elementos como os recursos e servizos prestados polas administracións, así como tamén os regulamentos, plans e acordos municipais, entre outros.

A este respecto, cabe referir o traballo realizado por Molina Martín (2005), en relación cos “Retos das Cidades Educadoras asturianas”, a partir das informacións tomadas das páxinas municipais, de onde se desprende que o común das cidades non dá conta de moitas das actividades educativas que se realizan, ou cando menos non o fai co detalle que sería desexable. Segundo a mesma autora, en xeral, as cidades poñen maior interese naquelas accións que consideran anovadoras, cal é o caso da educación infantil (0-3), da educación de persoas adultas, da formación e orientación laboral e do Proxecto Educativo de Cidade.

No marco da investigación que presentamos, o proceder desenvolvido centrouse na visita ás páxinas dos 34 municipios que, na actualidade, integran a estrutura de cooperación transfronteiriza do Eixo Atlántico. O obxectivo das observacións realizadas consistiu en identificar os elementos definitorios das políticas educativas municipais levadas a cabo polos distintos Concellos, prestando unha particular atención ás iniciativas pedagóxicas que entroncan cos fundamentos e principios das Cidades Educadoras. Para o caso, deseñouse un instrumento de recollida de datos que, ao tempo, facilitaba a súa clasifi-

cación en tres aspectos: 1) dun lado, cuestións de carácter formal, vinculadas coa propia configuración da páxina web; 2) doutro, elementos alusivos ao labor educativo municipal, relacionados coa filosofía e metodoloxía da Cidade Educadora; 3) por fin, outros aspectos programáticos e estratéxicos da política educativa local.

Táboa 13: Resumo dos contidos educativos observados nas web dos municipios que integran o Eixo Atlántico

Eixo Atlántico	Galicia Puntuación transformada	Portugal Puntuación transformada	Eixo Atlántico Puntuación transformada
Proxecto educativo de cidade	3,5	4,7	4,1
Liñas de publicación en educación	4,5	4,5	4,5
Mapa escolar	4,5	6,1	5,3
Educación para a cidadanía	5,3	5,7	5,5
Plan estratéxico municipal	5,3	5,9	5,6
Cidade-Educación	5,7	5,7	5,7
Familia-Educación	6,7	4,9	5,8
Inserción laboral	6,7	5,3	6,0
Multiculturalidade	6,7	5,3	6,0
Carta de servizos	3,7	8,4	6,1
Relevancia dos contidos educativos	6,1	6,1	6,1
Escola-Cidade	5,9	6,5	6,2
Consello escolar municipal	4,9	7,6	6,3
Participación en redes educativas	5,7	6,9	6,3
Educación non sexista	8,0	4,5	6,3
Igualdade de oportunidades	7,8	5,3	6,6
TIC	6,5	6,9	6,7
Cultura	6,7	6,9	6,8
Inclusión social	7,3	7,3	7,3
Referencia ao Eixo Atlántico	7,3	8,8	8,0
Participación cidadá	8,0	8,0	8,0
Educación ambiental	6,9	9,6	8,2
Equipamentos públicos de educación	8,6	8,8	8,7
Composición municipal	9,6	8,0	8,8
TOTAL	6,3	6,6	6,4

■ = Menos do 50 da puntuación; ■ = Máis do 75 da puntuación; ■ = Entre o 50 e o 75 da puntuación.

Fonte: Elaboración propia

Aínda en termos metodolóxicos, cómpre indicar que as observacións realizadas corresponden ao período comprendido entre febreiro e abril de 2007, dando conta das informacións que no momento da observación figuraban nas web municipais, e notando que en ocasións se advertía a súa falta

de actualización ou mesmo erros no funcionamento dos servidores. Sen desconsiderar estes condicionantes, as pesquisas realizadas ponderáronse nunha *escala de observación* de 1 (valor mínimo) a 3 (valor máximo), en función da información ofrecida en cada unha das categorías inicialmente fixadas. As anteditas puntuacións, e a súa transformación nunha escala decimal, ofrécense cuantificadas para a totalidade dos concellos galegos e portugueses que integran o Eixo Atlántico, distinguindo en cada unha das zonas fronteirizas entre as grandes cidades que superan os 50.000 habitantes, e os pequenos municipios (segundo as cifras de poboación dos correspondentes censos municipais de habitantes relativos ao ano 2007).

Atendendo aos criterios especificados, preséntanse de seguido os resultados derivados desta exploración, achegando unha dobre dimensión de análise: dunha banda, a que permite realizar a adscripción xeográfica e territorial dos distintos municipios; doutra, a que se relaciona cos ítems predefinidos para examinar os contidos educativos presentes nas páxinas municipais.

4.3.1. Análise das web municipais do Eixo Atlántico en clave educativa

Dun modo xeral, no conxunto dos municipios que integran o Eixo predominan as web de contidos case enteiramente informativos, presentando portais municipais e mesmo portais educativos que están pouco aproximados ás actuais tendencias e esixencias dunha verdadeira administración electrónica ou e-administración. Así, mesmo que hai casos nos que se pode acceder á descarga de impresos e formularios, e á súa tramitación electrónica, apenas se pode falar dunha relativa incursión nos procedementos de e-goberno, circunscibindo as posibilidades de comunicación e interacción coa administración ao envío de queixas e reclamacións, ou á subscrición a boletíns de novidades para a distribución de noticias por correo electrónico e SMS.

Ao respecto, cómpre asumir a necesidade de satisfacer o dereito a unha Administración Electrónica que permita acceder aos servizos públicos a través da Internet, teléfono móbil, televisión ou calquera outro medio electrónico, no que consultar o estado de tramitación dos procedementos que se teñan en marcha, podendo presentar documentación coa mesma validez xurídica que o soporte papel, con todas as garantías de calidade, seguridade e confidencialidade.

A tal fin, e atendendo aos contidos educativos das web analizadas, faise necesario incorporar ferramentas e aplicacións que permitan avanzar nos seguintes aspectos:

- tramitación electrónica dos procedementos de matrícula escolar, inscrición en “actividades extraescolares” ou de “enriquecemento curricular”, así como nas restantes iniciativas educativas que o requiran, tanto para a poboación escolar como para a non escolar;
- xestión de bolsas de estudo e prestacións sociais de apoio escolar ou familiar, incluíndo tamén as convocatorias de axudas para asociacións de estudantes e de Nais e Pais de alumnos e alumnas;
- consulta e actualización telemática dos directorios, inventarios e catálogos de todo tipo de centros, equipamentos, servizos e recursos educativos;
- rexistro de datos de identificación persoal para o uso de tarxetas de transporte e comedor escolar, carnés culturais, billeteira electrónica, etcétera;
- exposición pública e procedemento de aprobación, recusación e/ou emenda dos procesos iniciados polo Pleno e/ou o Consello Escolar Municipal, en forma de actas, informes, convocatorias, resolucións, regulamentos e concursos públicos concernentes aos axentes da comunidade educativa.

En todo caso, sen excluír outras posibilidades que de maneira experimental están a desenvolverse en distintos lugares do mundo, baixo os proxectos das chamadas “ciudades dixitais”. Uns territorios que, entre outros recursos, contan con plataformas para que as familias poidan acceder a un rexistro personalizado cos datos escolares dos seus fillos e das súas fillas, posibilitando así o seguimento da súa traxectoria educativa en relación directa co profesorado, a tramitación de consultas, permisos, avaliacións, informes e documentos de traballo como actas do Consello Escolar ou da Asociación de Nais e Pais, proxectos educativos, regulamentos de réxime interno etc.

Documentos estratéxicos de planificación educativa

A identificación das numerosas posibilidades existentes, aínda por desenvolver na práctica totalidade dos municipios integrantes do Eixo, é a expresión do escaso protagonismo que polo xeral se lle concede á educación nas web municipais; sobre todo, si se cotexa a súa presenza coa preponderancia de outras áreas afíns, como poden ser as de cultura, deporte ou turismo. Tres ámbitos de competencia municipal que, en efecto, presentan un desenvolvemento de contidos que resulta comparativamente distinto do socioeducativo. De feito, é un ámbito de actuación que, polo xeral, está carente de documentos programáticos e estratéxicos, como poden ser os mapas escolares, as cartas de servizos e as programacións educativas. Isto é:

- *Mapas escolares* ou *cartas educativas*, que recollan o inventario dos equipamentos públicos, da oferta de servizos educativos e das institucións ou entidades municipais de referencia, así como de outros recursos educativos existentes no territorio, detallando en cada caso as súas principais características (responsables, regulamentación, destinatarios e/ou participantes, requisitos de acceso e/ou ingreso, presentación de solicitudes, criterios de selección ou admisión, dotación, capacidade ou aforo e mapas de usos, calendarios e horarios, periodicidade, prezos públicos, enderezos de contacto, emprazamento e vías de chegada, galería de imaxes, estatísticas...).
- *Cartas de servizos*, que o Ministerio das Administracións Públicas do Goberno de España, no seu “Libro branco para a mellora dos servizos públicos” (2000), define como “documentos que dan a coñecer os servizos prestados por cada unidade, os compromisos explícitos e públicos que a Administración adquire na súa relación coa cidadanía, así como os niveis de calidade cos que ofrecerá o servizo e, no seu caso, as compensacións que corresponden cando non se alcancen ditos niveis”.
- *Programacións educativas*, que recollan o conxunto da actividade municipal nun único documento, onde se especifiquen as características das distintas iniciativas desenvolvidas dende os servizos educativos locais, e se ofrezca unha clasificación por tipoloxías, públicos, temporalidade, localización e outras condicións xenéricas.

Os datos derivados da análise das web municipais confirman a falta deste tipo de instrumentos de planificación e orientación da acción educativa local. De feito, son moi escasos os integrantes do Eixo que fan visible a existencia dun proxecto educativo de cidade. E, entre aqueles que contan con algún tipo de documento estratéxico para o sector educativo, rexístranse grandes disparidades no modo de presentar e dispoñibilizar a información. Neste mesmo sentido, apenas se ten acceso a publicacións e documentos educativos elaborados polos entes locais para divulgar a súa actividade, suxerindo que esta é moi exigua ou que a súa difusión é máis que limitada. O caso é observado con maior acentuación nos concellos galegos que nos portugueses, onde se identifica unha menor edición ou proxección de planos estratéxicos, mapas de recursos e cartas de servizos.

Programacións e actividades educativas

En relación ás iniciativas educativas desenvolvidas polos municipios, a teor do que se deduce das súas web, debe constatar a existencia de grandes disparidades, entre municipios que atenden a un amplo abano de campos de actuación, e aqueloutros que focalizan a súa actividade nun menor número

de temáticas. Dalgún modo, entendendo que as políticas educativas han de acomodarse ás necesidades do territorio e demandas da comunidade; pero tamén considerando que o cumprimento das obrigas competenciais é moi desigual duns municipios a outros. E, en todo caso, sinalando que polo xeral predomina unha falta de coordinación e articulación da acción educativa, que a vincule dun modo explícito cos principios e valores dun territorio educador, e dunha comunidade educativa. Neste sentido, a maioritaria carencia dun proxecto educativo de cidade que vertebre o conxunto das iniciativas redunda nunha desligazón entre os programas que están en marcha.

Cadro 10: Fortalezas e debilidades identificadas na observación da programación educativa dos municipios do Eixo Atlántico a partir da análise das súas páxinas web

Municipios do Eixo Atlántico	Fortalezas	Fraquezas
Galicia	Igualdade de oportunidades Participación cidadá Educación non sexista	<i>Proxecto educativo de cidade</i>
Portugal	Participación cidadá Educación ambiental	Educación non sexista <i>Proxecto educativo de cidade</i> Familia-Educación

Con todo, cómpre lembrar que, en coincidencia con Molina Martín (2005), as concellarías ou os departamentos de educación fan uso das web municipais para promocionar apenas aquelas accións que consideran de maior relevo, polo que nelas non se observaría máis que unha parte da actividade educativa. Así, dáse por suposto que todos os municipios cumpren as súas obrigas competenciais, acrecentando este labor co desenvolvemento de atribucións voluntarias. Entre estas, todo indica que as relacións escola-municipio son as máis atendidas polos concellos, a través de programas de actividades extraescolares, apoio ás familias e axudas ao estudo, oferta de recursos para o profesorado etc. De igual modo, rexístrase un importante volume de actividade no desenvolvemento de programas de alfabetización cultural e dixital, en colaboración con outras áreas. Pola contra, resulta minoritaria a atención a programas de educación familiar e intercultural, ou a iniciativas de formación para a inserción sociolaboral. Como desigual tamén resulta a promoción de iniciativas de educación non sexista para a igualdade de oportunidades entre Galicia e o Norte de Portugal, tendo unha presenza cuantitativamente máis salientable no primeiro dos casos, que podería deberse, entre outras motivacións, á dinamización que nesta materia está a favorecer a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, en conxunto coas entidades locais

Táboa 14: Resumo dos contidos educativos observados nas web dos municipios galegos

Galicia	Grandes cidades Puntuación transformada	Pequenos municipios Puntuación transformada	17 concellos do Eixo galego Puntuación transformada
Proxecto educativo de cidade	3,8	3,3	3,5
Carta de servizos	4,3	3,3	3,7
Mapa escolar	3,3	5,3	4,5
Liñas de publicación en educación	4,8	4,3	4,5
Consello escolar municipal	4,8	5,0	4,9
Plan estratéxico municipal	7,6	3,7	5,3
Educación para a cidadanía	8,1	3,3	5,3
Cidade-Educación	7,1	4,7	5,7
Participación en redes educativas	9,0	3,3	5,7
Escola-Cidade	8,1	4,3	5,9
Relevancia dos contidos educativos	8,1	4,7	6,1
TIC	6,2	6,7	6,5
Familia-Educación	6,7	6,7	6,7
Multiculturalidade	7,6	6,0	6,7
Inserción laboral	8,1	5,7	6,7
Cultura	8,1	5,7	6,7
Educación ambiental	9,0	5,3	6,9
Referencia ao Eixo Atlántico	8,1	6,7	7,3
Inclusión social	8,6	6,3	7,3
Igualdade de oportunidades	9,5	6,7	7,8
Participación cidadá	9,0	7,3	8,0
Educación non sexista	9,0	7,3	8,0
Equipamentos públicos de educación	8,6	8,7	8,6
Composición municipal	10,0	9,3	9,6
TOTAL	7,4	5,6	6,3

Escala de valoración de 1 (valor mínimo) a 3 (valor máximo) para un total de 7 grandes cidades e 10 pequenos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia.

■ = Menos do 50 da puntuación; ■ = Máis do 75 da puntuación; ■ = Entre o 50 e o 75 da puntuación.

Cidades de gran poboación: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Pequenos municipios: Carballo, Lalín, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Riveira, Sarria, Verín, Vilagarcía de Arousa e Viveiro.

En todos estes casos, a observación dos contidos ofrecidos nos distintos programas dos que se informa nas web municipais é manifestamente mellovable, en tanto que, polo xeral, pouco ou case nada se di en relación aos seus obxectivos, destinatarios participantes, resultados etc. De feito, a carencia de informacións induce a reflectir unha desprovisión de contido no desenvol-

vemento de moitas das iniciativas contempladas. Ás veces, reducindo as actuacións nun determinado campo ao feito de contar con accións illadas que non responden a toda a súa diversidade e pluralidade de ámbitos, contextos e problemáticas. Estes casos, que poden verificarse nas realidades analizadas, incrementan aínda máis a importancia de encadrar as distintas iniciativas nun plano estratéxico que dea sentido ao quefacer educativo no territorio.

Táboa 15: Resumo dos contidos educativos observados nas web dos municipios portugueses

Portugal	Grandes cidades Puntuación transformada	Pequenos municipios Puntuación transformada	17 concellos do Eixo portugués Puntuación transformada
Liñas de publicación en educación	4	5,2	4,5
Educación non sexista	4,7	4,3	4,5
Proxecto educativo de cidade	5,3	3,8	4,7
Familia-Educación	4,7	5,2	4,9
Multiculturalidade	4,7	6,2	5,3
Igualdade de oportunidades	5,3	5,2	5,3
Inserción laboral	6	4,3	5,3
Cidade-Educación	5,3	6,2	5,7
Educación para a cidadanía	6	5,2	5,7
Plan estratéxico municipal	7	4,3	5,9
Relevancia dos contidos educativos	5,3	7,1	6,1
Mapa escolar	6,7	5,2	6,1
Escola-Cidade	6,7	6,2	6,5
Cultura	6	8,1	6,9
Participación en redes educativas	8	5,2	6,9
TIC	8,7	4,3	6,9
Inclusión social	6,7	8,1	7,3
Consello escolar municipal	6	10	7,6
Composición municipal	6,7	10	8,0
Participación cidadá	7,3	9	8,0
Carta de servizos	8	9	8,4
Referencia ao Eixo Atlántico	8,7	9	8,8
Equipamentos públicos de educación	8,7	9	8,8
Educación ambiental	9,3	10	9,6
TOTAL	6,5	6,7	6,6

Escala de valoración de 1 (valor mínimo) a 3 (valor máximo) para un total de 10 grandes cidades e 7 pequenos municipios do Norte de Portugal.

■ = Menos do 50 da puntuación; ■ = Máis do 75 da puntuación; ■ = Entre o 50 e o 75 da puntuación.

Cidades de gran poboación: Barcelos, Braga, Guimarães, Matosinhos, Penafiel, Porto, Vila Nova de Gaia, Vila do Conde, Vila Nova de Famalicão e Viana do Castelo.

Pequenos municipios: Bragança, Chaves, Lamego, Macedo de Cavaleiros, Mirandela, Peso de Régua e Vila Real.

Equipamentos e infraestruturas socioeducativas

Pola súa banda, a información que se presenta sobre os equipamentos públicos de educación, e outras áreas afíns, resulta máis satisfactoria. Na meirande parte dos casos, ofrécese a relación de centros dispoñibles, cos seus respectivos contactos. No entanto, tamén aquí cómpre realizar melloras, no sentido de ofrecer a descrición detallada do equipamento e a súa distribución no territorio.

A tal fin, cómpre ter en conta os materiais elaborados pola Fundación *Kaleidos.red*: unha rede de políticas, equipamentos e servizos de proximidade que ofrece un depurado sistema de categorías e rexistro dos equipamentos, segundo os ámbitos de intervención, programas, salas e unidades que o integran, características de organización e xestión etc. Asemade, os seus manuais sobre equipamentos municipais de proximidade detallan con minuciosidade os elementos básicos que se han de incorporar aos mapas ou catálogos de equipamentos. Entre outros, considerando esenciais os seguintes aspectos:

- Se procede, historial do equipamento, destacando os elementos relevantes da súa edificación, o seu valor patrimonial e/ou simbólico para a cidade, titularidade e entidades financeiras etc.
- Condicións de accesibilidade, vías de chegada e conexión cos transportes públicos, regulamentos específicos, perfís dos públicos destinatarios, taxación de prezos públicos, calendarios e horarios de usos, así como axendas de eventos coa correspondente programación etc.
- Servizos, programas e iniciativas en curso, así como unha relación dos seus profesionais, organigramas de funcionamento e modos de xestión e organización, realización e previsión de obras de mantemento e mellora das instalacións etc.
- No caso dos equipamentos escolares, ha de informarse especificamente dos procedementos de matrícula e número de prazas dispoñibles, das ensinanzas ofertadas e dos seus servizos complementarios, do seu proxecto educativo e outros plans de convivencia, das medidas de seguranza no interior e exterior do centro educativo, da vinculación coa Asociación de Nais e Pais e outros axentes da comunidade educativa (Universidades, empresas...) etc. e, en xeral, de cantos elementos poidan favorecer unha mellor elección e participación das familias.

A maiores, naqueles municipios de gran tamaño, cando o seu número de infraestruturas sexa elevado, convén que se presenten clasificados e se ofrezca un buscador que tamén permita a súa localización no mapa do municipio. Neste sentido, a guía que ofrece o Concello da Coruña, e a súa busca por

sitios de interese, suxírese como unha práctica a intercambiar e transferir a todos os municipios que integran a agrupación atlántica. Asemade, o propio Eixo constitúe unha plataforma axeitada para promover a elaboración dunha “Guía de recursos socioeducativos do Eixo Atlántico”, sumando este material a outras publicacións xa realizadas, como a “Guía de recursos xuvenís” ou a “Guía de infraestruturas deportivas”, entre outras.

Relevancia e proxección da educación nas web municipais

En conxunto, con este tipo de melloras na información e documentación das web municipais, trátase de axudar a que a educación adquira unha maior relevancia, acorde coa súa centralidade no desenvolvemento municipal. De feito, nunha valoración global das observacións realizadas, estimouse que a relevancia dos contidos educativos divulgados no territorio do Eixo pode cualificarse de escasa, con apenas diferenzas entre os municipios dun lado e doutro da fronteira, aínda que si se identifiquen disparidades interterritoriais segundo se trate de grandes cidades ou pequenos municipios.

Continuando o anterior, un modo de incrementar a importancia do labor educativo nos municipios é, precisamente, facendo visible o conxunto da actividade existente. Outra vía, non menos importante, pasa por institucionalizar o contido da materia educativa no organigrama municipal. Ao respecto desta cuestión, apenas se conta con máis datos que os relativos á composición do consistorio municipal, que acostuma a ser presentada como resultado da distribución das concellarías constituídas. A diferenza doutras web municipais, esta información raramente está personalizada e complementada co *currículum vitae*, ou algunhas liñas biográficas das persoas que compoñen o equipo de goberno e, particularmente, dos e das responsables de educación; así como os principais obxectivos e as prioridades da súa xestión. Asemade, nótase a falta de organigramas de funcionamento que esclareza, dun modo visual, a atribución e distribución de competencias; ofrecendo un esquema organizativo máis intuitivo para os e as visitantes. Máxime, cando as incumbencias educativas adoitan estar distribuídas en varios departamentos ou servizos, tales como mocidade, cultura, servizos sociais etc.

En paralelo, dende unha valoración global da situación dos contidos educativos no esquema ou mapa das web municipais, pode afirmarse que a educación ocupa un lugar secundario, por non dicir que residual, en comparación con outras áreas de interese e divulgación da actividade municipal, cal é o caso da promoción turística, que si se sitúa, en case todas as páxinas analizadas, nunha posición central, tanto a nivel visual como nos seus contidos.

A concesión dunha maior relevancia ao feito educativo local debera significarse tamén na existencia e difusión das fórmulas de participación cidadá

contempladas nos distintos municipios. A este respecto, a meirande parte dos integrantes do Eixo informa nas súas web de distintas iniciativas de promoción da participación educativa, que van dende a elaboración de directorios de asociacións ata a constitución de Consellos Educativos Municipais. Sen embargo, a información ofrecida é tan indeterminada e insuficiente que resulta difícil verificar a existencia dunha participación máis efectiva que testemuñal. De feito, dos propios consellos consultivos locais apenas se ten noticia da súa existencia, sobre todo no caso galego, onde se descoñecen maioritariamente aspectos como a súa constitución, composición, regulamentación, actividade etc. a pesar de ser cuestións reguladas nas normativas educativas que facultan aos municipios para a creación deste tipo de órganos. Aquí pode poñerse de exemplo ao municipio de Lamego, que ofrece información detallada sobre a constitución e as competencias do Consello Educativo Municipal, a súa composición coa correspondente adscrición dos seus membros ás distintas entidades que representan, o regulamento interno, as actas das reunións ordinarias e os contactos pertinentes.

Ao entender do equipo investigador, a observación do estado das web municipais, e a constatación das súas posibilidades de mellora, traduce unha dobre necesidade: dun lado, a de propiciar un avance substancial nas relacións entre as Administracións e a cidadanía, favorecendo a información e a comunicación en torno ao quefacer socioeducativo municipal; doutro, a de ocasionar un proceso de revisión e reformulación das propias actuacións educativas locais, motivado pola necesidade de definir e documentar por escrito o labor desempeñado dende o Concello ou a Cámara Municipal, así como de facer pública a responsabilidade do ente local co cumprimento dos compromisos que se difundan.

En conclusión, e máis aló das lecturas que poidan facerse dos ítems contemplados nas táboas que acompañan a esta análise, cómpre tomar a radiografía presentada como un elemento máis, entre outros, para aproximarse ao coñecemento das realidades educativas locais. A triangulación desta información coa derivada do uso doutras técnicas, como os cuestionarios, posibilitará unha imaxe máis fidedigna de toda a complexidade que se concita nos procesos educativos da vida local. En parte, superando as deficiencias de información constatadas, coincidindo con Subirats (2004), cando afirma que a dispoñibilidade de información sobre as políticas e os servizos educativos e sociais é imprescindible para permitir unha correcta e xusta avaliación do conxunto do sistema.

4.3.2. A dimensión educativa nas web de outras Eurorexións

Os mesmos motivos que xustifican a realización deste proxecto inducen a valorar a necesidade de situar a educación como unha das coordena-

nadas que orienten as actuacións do Eixo Atlántico. Así o estimaba a súa Axenda Estratéxica, cando recoñecía que “é necesario superar as carências do noso sistema educativo e de formación e anticipar posibles focos de exclusión social que influam negativamente no atractivo das cidades para vivir e investir nelas”.

